

ADAPTACIÓN DO POSTO DE TRABALLO POR RAZÓN DE SAÚDE.

De que estamos a falar?

A Lei de Prevención de Riscos Laborais sinala no seu artigo 25 que o empresario garantirá de maneira específica a protección dos traballadores que, polas súas propias características persoais ou estado biolóxico coñecido, incluídos aqueles que teñan recoñecida a situación de discapacidade física, psíquica ou sensorial, sexan especialmente sensibles aos riscos derivados do traballo.

En consecuencia deberase ter en conta estes aspectos e adoptar no seu caso as medidas preventivas e de protección necesarias.

Igualmente a dita lei sinala dentro dos principios da acción preventiva a adaptación do traballo á persoa, en particular no que respecta á concepción dos postos de traballo, así como á elección dos equipos e métodos de traballo e de produción, con miras, en particular a atenuar o traballo monótono e repetitivo e a reducir os efectos do mesmo na saúde.

Procedemento de actuación

O procedemento de adaptación do posto iniciárase, no seu caso de oficio, sendo de ordinario a instancia ou solicitude do propio interesado, debéndose indicar na mesma os feitos e razóns que fundamenten a solicitude de adaptación do posto ou cambio de posto, acompañando todos os documentos e informes médicos que considere oportunos que avalen a súa solicitude.

A solicitude irá dirixida ao órgano competente en materia de persoal, é dicir, ao Servizo de Recursos Humanos da Xefatura Territorial Provincial da Consellería, segundo onde radique o centro de traballo. Neste expediente o dito órgano instrutor recabará todos aqueles informes que considere pertinentes, de entre eles, o do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, (informes do servizo de prevención alleo médico correspondente da aptitude laboral), en función dos que resolverá o que proceda.